

REALIDADES E HORIZONTES DA EDUCACIÓN EN GALICIA

Coordinación e limiar de JOSÉ ANTONIO CARIDE
e JESÚS RODRÍGUEZ

Textos de VV.AA.

Epílogo de ANTÓN COSTA RICO

Encadernación rústica. 15 x 21,5 cm. 384 páx. 22 €
ISBN 978-84-1343-325-7. Lecturas expertas. Biblioteca de Pedagogía.

O don de vivir con e para os outros –aos que precisamos para ser nós mesmos– é consubstancial á condición biolóxica e social coa que nos abrazamos civicamente como seres libres, responsables e conscientes. Unha misión inherente a calquera proceso formativo e civilizatorio que se prece, cooperativa e solidariamente, facendo que a educación e a cultura sexan dous piares fundamentais do corpo enteiro dos dereitos humanos...
[Fragmento do limiar]

Unha mirada plural e panorámica, crítica e comprometida, sobre cuestións fundamentais do desenvolvemento educativo, abordadas con certa profundidade por especialistas na materia.

«Realidades e horizontes da educación en Galicia» amosa cuestións e reflexións trazadas a partir dalgúns apuntes históricos, afrontando problemas socio-educativos e escenarios de formación que atinxen á cidadanía, ben dende as comunidades educativas, como técnicos e investigadores no eido pedagóxico ou como parte da sociedade. Con esta ollada reflexiva preténdese contribuír a consolidar un foro público deliberativo para un mellor desenvolvemento educativo.

Tralo limiar dos coordinadores, os catedráticos José Antonio Caride e Jesús Rodríguez, a obra reúne as achegas de 56 profesoras e profesores das tres universidades galegas e dos distintos niveis educativos, xunto con técnicos deste ámbito. Estrutúrase en tres partes que agrupan sete textos cada unha.

Con carácter histórico, «Pasado e presente da nosa educación» trata os procesos pasados da escolarización, a fin do franquismo e da Transición, a lexislación, as comunidades escolares, reflexiona sobre o ensino e o mundo rural, a importancia da literatura infantil e xuvenil, e a problemática da galeguización do sistema educativo. «Novos retos e desafíos» analiza os problemas cotiás dos procesos educativos, a inclusión, a formación do profesorado, a Educación Social ou a intervención da Administración local, ademais de expor as eivas do sistema ante a dixitalización e a Intelixencia Artificial. Atendendo asuntos con menos repercusión sociolóxica e política, «Sen fronteiras para a educación» expón temas como a educación integral, a cultura da paz, a educación interxeracional ou o valor da natureza na formación humana.

Esta obra, na que colabora o grupo de investigación en Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA-Interea) da Universidade de Santiago, réndelle unha homenaxe á traxectoria do profesor Antón Costa Rico, Catedrático xubilado de Historia da Educación na USC. Durante máis de catro décadas foi docente, investigador, impulsor e organizador, tamén no plano institucional, nun continuo servizo á causa do desenvolvemento educativo. Seu é o epílogo titulado «A nosa educación: o escenario, estudos, programas e retos» no que aboga por procurar os instrumentos que axuden a avanzar no horizonte da «nova educación galega».

Realidades e horizontes da educación en Galicia

COORDINACIÓN
JOSÉ ANTONIO CARIDE E JESÚS RODRÍGUEZ



- **Temática:** artigos sobre desenvolvemento educativo; homenaxe ao profesor Antón Costa.
- **Receptores:** educadoras e educadores.
- **Aspectos destacables:** da colección *Biblioteca de Pedagogía* -Premio Gala do Libro 2019 á mellor Iniciativa Bibliográfica- que dirixe o catedrático de Historia da Educación da USC, Antón Costa; outros títulos: «[A cidade dos nenos](#)», «[Cando os nenos din Basta!](#)» e «[Por que as nenas e os nenos?](#)» de F. Tonucci; «[Educación para un mundo novo](#)» de M. Montessori; «[A imaxinación e a expresión artística na infancia](#)» de L. Vigotski; «[Carta a un profesor mozo](#)» de P. Meirieu; «[A psicoloxía infantil e a nova educación](#)» de J. Piaget; «[Pedagogía do oprímido](#)» de P. Freire; «[Carta a unha profesora](#)» da Escola de Barbiana; «[Técnicas Freinet da escola moderna](#)» de C. Freinet; «[Educar a través da arte](#)» de V. Blanco, S. Cidrás e R. Modia; «[Experiencia e educación](#)» de J. Dewey; «[O sorriso do coñecemento](#)» de J.A. Rodríguez Bravo; «[Mulleres imprescindibles](#)» (VV.AA.); «[Comezar polo neno](#)» de M. Lodi; «[As 'escolas novas' e os seus problemas](#)» de E. Codignola e A. Visalberghi.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/realidades-e-horizontes-da-educacion-en-galicia-g>

José Antonio Caride Gómez

Doutor en Filosofía e Ciencias da Educación, catedrático de Pedagogía Social na Facultade de Ciencias da Educación da USC. Director do grupo de investigación SEPA-interea.

Jesús Rodríguez

Mestre e pedagogo, doutor e catedrático na Facultade de Ciencias da Educación da USC, especialista en materiais e recursos didácticos. Membro de Nova Escola Galega e do Grupo Cavila.

Antón Costa

Doutor pola Universidade de Salamanca, catedrático de Historia da Educación na Facultade de Ciencias da Educación da USC. Co-fundador de Nova Escola Galega e presidente da Asociación Española de Historia da Educación. Premio Luis Porteiro Garea 2020, Premio Avelino Pousa Antelo 2018, Premio da Crítica de Galicia, Losada Diéguez e Ánxel Casal 2005.